

ROULANDO

Revista do IES República Oriental do Uruguai
Xuño, 2022

No 4



EDITORIAL

DEICA LOGO!

Case remata o ano escolar e algúns finalizan xa unha etapa de estudos. Para outros acaban estes meses, cun ollo posto no verán e outro no curso que virá.

Atrás deixamos meses de duro traballo. Mais tamén houbo magostos con xogos tradicionais, entroido libre ou Steampunk ou de *Alicia no país das marabillas*, exposicións, charlas, a chegada da radio, teatro con Quico Cadaval, faladoiros, competicións de brilé, Got talent,... Exames, máis exames. E claro, incalculables vivencias de amizade.

Perdemos a Almudena Grandes, a Darío Xohan Cabana e a Domingo Villar, quedánnos os seus libros. Comezou unha guerra, unha máis, que nos conmocionou e desconcerta.

Moitos deixaron as máscaras e sentímonos xuntos, ao igual ca con elas.

Xa que logo despedimos o curso, mais non nos despedimos: o vivido, a experiencia vai con nós.

Aos profesores que se xubilan, que van a outro destino, ao alumnado que non recunará no centro: algo fica de vós aquí, nesta especie de casa de tod@s.

O vindeiro curso, máis e mellor. Así que para tod@s: deica logo!

*Equipo de Dinamización e Normalización
Lingüística e Biblioteca do IES ROU.*



ÍNDICE

	PAX
AS NOVAS	
Guerra en Ucraína _____	2
<small>Caleb Iglesias e Adrián Álvarez (1º ESO A)</small>	
COIDO QUE...	
Coplas nas portas _____	3
<small>Xi Fang (1º ESO)</small>	
CON CIENCIA	
Traballando co STEM _____	4
<small>Eva González e Adrián Soutiño (1º BACH)</small>	
Mulleres, ciencia e mundo laboral _____	5
<small>Claudia Pérez e Meseret Panino (4º ESO)</small>	
CONTO CONTIGO	
A torta do Duque Black _____	6
<small>Xian González (1º BACH)</small>	
ESTIVEMOS CON...	
Conversa con Quico Cadaval _____	7
<small>Aroa García e Sofía González (1º BACH)</small>	
Coloquio con Fausto Isorna _____	9
<small>Club de lectura e club do comic</small>	
EFFECTO SONORO	
Música preto de nós: Os Vacalouras _____	11
<small>Thoa Bouzas González (1º ESO)</small>	
REVERSO	
Florencio Delgado Gurriarán _____	13
<small>Dpto de Normalización Lingüística</small>	
SEAREIR@S	
Campionato europeo de danza urbana _____	14
<small>Naiara Otero (4º ESO)</small>	
Acaba de nacer unha nova estrela _____	15
<small>Antón Justo Vicente (3º ESO)</small>	
A TIRA	
Mr. Pingüín _____	16
<small>Nicolás Castro (1º ESO)</small>	
Andy o axolote _____	16
<small>Nicolás Castro (1º ESO)</small>	
Pagode _____	16
<small>Lena Luengpayung Carrillo (1º BACH)</small>	
XOGAMOS?	
Enigma do número 6 _____	17
<small>Departamento de Matemáticas</small>	
QUE VER? QUE LER?	
Novela e fantasía no club de lectura _____	18
<small>Kiara Tombo (3º ESO)</small>	

Guerra en Ucraína

Caleb Iglesias Sánchez e Adrián Álvarez Domínguez (1º ESO A)

Moita xente está a ver, preocupada, o conflito que está a pasar en Ucraína, pero non moita xente o entende. Para iso teredes que viaxar un pouco atrás no tempo.

Estamos no ano 1991 e a URSS acaba de colapsar en 13 novos estados independentes e co colapso do Pacto de Varsovia en 1989 e a Reunificación Alemá no ano 1990 o poder comunista en Europa desapareceu, rematando coa Guerra Fría. Pero en 1999 chega ao poder un antigo axente da KGB, Vladimir Putin que “bota de menos” o estatus e poder da antiga URSS e por iso intenta anexionar os antigos territorios soviéticos. Putin ve unha oportunidade cando o goberno ucraíno prorruso é derrocado polos manifestantes que apoiaban á Unión Europea no chamado *Euromaidán*..



Anexou a península de Crimea a Rusia por ter maioría rusa, aínda que esta anexión non foi recoñecida pola comunidade internacional.

Cando Ucraína volve a querer ser pro-europea, Rusia impídeo unha e outra vez, por iso apoia e recoñece as guerrillas prorrusas de Donetsk e Lugansk, nos anos anteriores da guerra. Mais agora planea algo de máis graves consecuencias: a invasión de toda Ucraína.



Dentro duns anos moitos lembrarán o 24 de febreiro de 2022 como o día que comezou a guerra de Ucraína e algúns como un posible inicio da terceira guerra mundial. O primeiro ataque produciuse ás aforas de Bélgorod (cidade rusa), na fronteira con Ucraína, os rusos acusaron a Ucraína do ataque aínda que moita xente afirmou que non fora así. Desde entón comezou unha guerra na que Rusia tentou amosar o seu potencial militar atacando cidades ucraínas, unha delas Mariúpol. É a cidade máis afectada de Ucraína. Rusia afirma que xa é territorio ruso. Na fábrica Azovstal refuxiáronse 264 persoas, civís e militares, tras a caída da cidade.

Rusia destruíu 3.687 bases militares, 99 avións e 1.194 tanques; moitos dos tanques e dos avións eran de países como Francia, Reino Unido ou Portugal.

Unha das grandes dúbidas é que quere Putin de Ucraína. Unha das teorías é que quere lucir o seu grande exército, outra é que quere facer fronteira coa OTAN. Pero o sorprendente é que Rusia sendo unha potencia militar aínda non se fixera con Kiev. Ademais, polo de agora, Ucraína xa recuperou varios territorios como Járkov ou Irpin.

Na actualidade xa van 12 millóns de persoas que fuxiron das súas casas, máis de 2.345 persoas perderon a vida e o número de feridos supera os 2.919.

Coplas nas portas

Xi Fang (1º ESO)

O costume de pegar coplas nas portas ten unha longa historia na China. Na antigüidade, a xente colgaba ramas curtas de pexego nas portas ou portas de entrada co propósito de afastar as cousas malas. Máis tarde convertéronse en taboleiros de madeira de pexego con algúns caracteres chineses escritos neles. Coa invención do papel cortáronse dúas tiras e en cada unha escribiuse un verso para dar a benvida ao ano novo para expresar desexos de felicidade e boa sorte. Durante o longo tempo de desenvolvemento, as coplas de primavera convertéronse nunha forma especial de literatura con características propias.



Verso da dereita: 書山有路勤為徑

Patrón tonal: 平平仄仄平平仄

Pinyin: shū shān yǒu lù qín wéi jìng

Tradución do verso da dereita: **A montaña dos libros ten un percorrido, o traballo dilixente é o camiño.**

Verso da esquerda: 學海無涯苦作舟

Patrón tonal: 仄仄平平仄仄平

Pinyin: xué hǎi wú yá kǔ zuò zhōu

Tradución do verso da esquerda: **O océano da aprendizaxe non ten fin, o esforzo duro é o barco.**

Fonte:

https://es.wikipedia.org/wiki/Copla_antit%C3%A9tica

年之计在于春

1. " Fai máis e fai un bo traballo a principios de ano (día)"

Ou "A época máis preciosa do ano é a primavera."

Senta as bases para a traballo de todo o ano (día)

日之计在于晨

2. O momento máis precioso do día é a mañá.

Xeralmente úsase para motivar a xente a estudar moito,

aproveitar ao máximo o tempo de estudo e alcanzar o propósito de mellorar.

井水不犯河水

3. A agua do pozo non interfere coa agua do río.

Significa que non interfiras nos asuntos alleos


Fonte: Nai da autora

Traballando co STEM

Eva González e Adrián Soutiño (1º BACH A)

O STEM é unha grande oportunidade para adentrármonos no mundo científico e achegármonos quizais ao que nos poderíamos adicar nun futuro. Basicamente o STEM consiste en escoller un dos proxectos propostos, unha vez escollido, con ese proxecto teremos asignados dous titores, un no instituto e outro na universidade correspondente. Para a realización do proxecto deberase acudir un día pola tarde de forma extracurricular no primeiro ano, xa que en 1º non é unha materia como tal. Este día pola tarde, no primeiro curso estaría previsto realizar toda a fase experimental, para que así en 2º só quede redactar o proxecto e preparar a exposición diante dun tribunal especializado sobre o tema. En 2º xa si é unha materia como calquera outra e ademais a nota que poñan os titores si que fai media final no bacharelato.

Carla Rodríguez e eu, Eva González, estamos a traballar nunha investigación sobre as causas da ausencia de desenvolvemento da doenza de Alzheimer en persoas maiores de 90 anos. O noso titor no instituto é Rubén Borrajo e o noso titor da USC é Pablo Aguiar Fernández, un investigador do Alzheimer a nivel internacional. Este proxecto leva por título **PET 90+** e é unha investigación financiada pola Unión Europea que trata de achar o porqué da resistencia á enfermidade nalgunhas persoas de máis de 90 anos. A maiores, nós, desde o STEM, imos contribuír cunha enquisa sobre os hábitos de vida para analizar a relación que gardan estes hábitos coa resistencia á enfermidade. Xunto cos investigadores profesionais imos analizar tamén os cerebros destas persoas mediante unha proba de diagnóstico denominada PET, a cal nos proporciona unha imaxe do cerebro coa que poderemos ver a presenza ou ausencia dunha proteína chamada Beta-Amiloide cerebral. Esta proteína é un biomarcador cuxa presenza é indicativa do continuum da enfermidade. Con esta proba, de daren positivo, podemos ver se estas persoas conseguiron retrasar a aparición dos síntomas desta doenza. Este último aspecto daría pé a outra investigación que tente explicar as causas do retraso da aparición de síntomas no Alzheimer. Tamén pode ser que non conten con Beta-Amiloide cerebral, o que sería ideal para a nosa investigación e a pescuda das causas desa ausencia.



Eva Román e mais eu, Adrián Soutiño, estamos a traballar en colaboración co **Centro Oceanográfico de Vigo** nun **proxecto de xenética** que recibe o nome de **“Quen é quen?”**. As nosas titoras no centro son Irene Otero e Cristina Romero (profesoras do Departamento de Bioloxía, e a bióloga e investigadora Montse Pérez Gómez desde o Centro Oceanográfico de Vigo).

O obxectivo principal do noso proxecto é identificar calquera indicio de fraude alimentario no sector pesqueiro. Isto farémolo analizando o peixe e distintos produtos derivados do peixe, recollidos de diferentes peixarías e supermercados. Logo faremos unha análise xenética das mostras e compararémolas coas especies que aparecen na etiquetaxe e coa especie obtida nos resultados da análise e comprobaremos se hai coincidencia. Como obxectivo secundario esperamos familiarizarnos coa técnica da análise xenética no laboratorio.

Mulleres, ciencia e mundo laboral

Isabel Rodríguez e Ángela Magant

Claudia Pérez de Lis Redondo e Meseret Panino Álvarez (4º ESO)

Isabel Rodríguez naceu en Avegadeo, Lugo. Cando era nova non sabía o que quería estudar. Aínda así, desenvolveu un interese polo mundo empresarial. Tempo despois cursou unha carreira acorde co seu interese polo mundo empresarial. Aos 21 anos volveu á casa tras acabar os seus estudos universitarios. Neste tempo tamén é contratada como enxeñeira grazas á súa base de estudos. Esta convértese na súa primeira experiencia laboral.

No 2009 houbo unha gran crise que trouxo consigo moitas esixencias por parte da empresa na que estaba a traballar. Isto conlevou a quebra e peche. Coa súa primeira experiencia como nai trasladouse a Santiago onde comezaría a traballar no sector do aluminio dentro de recursos humanos, no que acabaría sendo directora. Actualmente traballa na docencia e tenta transmitir todo o que viviu e sabe ás novas xeracións.

Os estereotipos de xénero estiveron presentes na súa vida laboral. Aínda con isto conseguiu romper o teito de cristal para o seu desenvolvemento persoal a base de aprender dos problemas.



Ángela Magant, a segunda muller que veu falar con nós o luns pola tarde, contounos que ela tampouco tiña ningunha idea do que pensaba facer nun futuro. Mais en 2º de BUP un profesor de Matemáticas inculcoulle o interese polas ciencias e a partir de aí, decidiu estudar unha carreira de ciencias puras. Gustábanlle moito as Matemáticas e a Física e finalmente decidiu estudar Industriais. Como ela di, a vida ten unha filosofía de “ensaio, erro”, e a ela neste caso aconteceu así. No cuarto ano de carreira decidiu que non lle gustaba e cambiou de rama (na carreira) e foise centrando nas cousas que máis lle gustaban. Antes de rematar, para o proxecto de final de carreira, colaborou cun profesor seu que estaba a facer un traballo de investigación.

No 2005 comezou a traballar nunha empresa como bolseira e acabou no sector das compras. A partir de aí foi aumentando de posto, aprendendo novos idiomas para falar cos seus xefes internacionais e cando o xefe da empresa se xubilou, ofrecéronlle o posto, aínda que para ela foi bastante difícil xa que foi nai.

Algún dos consellos que nos dá Ángela é que a humildade é unha parte fundamental do traballo, e que ás veces non saber está ben, sempre se pode dicir “non sei, pero intentarei melloralo”.

A torta do Duque Black

Xian González (1º BACH C)

Era daquela, unha fría e escura noite de abril. Atopábame na casa do Duque Black, nunha das súas festas nocturnas. Era unha celebración selecta, unha congregación de peixes gordos. Eu, o profesor Mora, o fillo dun adañeirado empresario, vírame arrastrado por desgraza, a esta por mor da ausencia do meu pai que estaba a pasar o verán no Caribe. Non me compracían estes acontecementos diplomáticos e tediosos, tanta lería insignificante, traxes exuberantes, costumes arcaicos...

Estaba eu a mentalizarme de que ía perder unha boa noite de sábado cando de súpeto óese un grito proveniente da cociña. Como era de esperar iso fíxonos acudir aos 6 de nós a ela. A escena que atopamos era a do Duque Black chorando desoladamente xunto a un gran prato con faragullas nel.

Entón o Duque Black explicou entre saloucos que a gran torta que preparara para todos nós fora papada por alguén, queixábase de que lle levara moito tempo e esforzo preparala e que ía ser unha sorpresa ao final do evento. A súa tristeza rapidamente tornouse en enfado, arremeteu contra os presentes alegando que ninguén de fóra puido entrar na cociña e que o responsable tivera que ser un de nós.

Estas declaracións crearon un ambiente tenso e nuns instantes todos os convidados comezaron a sospeitar entre si e a formular coartadas. Que se a Sra. Celeste foi un momento ao baño, que se Pai Prado non se deixou ver moito polo salón, todos tiñan algo que dicir... Eu mantivenme á marxe, un pouco paralizado polo imperante caos. O Coronel Loiro tomou o control da conversa e empezou a recoller a desordenada información.

- Eu estiven no Salón dende o comenzo da noite coa Sra. Celeste. - Afirmou imperativamente a Dra. Orquídea.
- Exactamente, eu estiven falando con ela, o único raro que vin foi o profesor Mora pasando por diante do salón. - Respondeu a Sra. Durmideira.
- Eu só estaba indo ao salón de baile, Pai Prado viume alí – retruquei nervioso pola repentina acusación

Seguimos expoñendo os nosos faceres nesa noite ata que nun momento dado o Coronel Loiro deuse por satisfeito, ditaminando que fora Pai Prado quen comera a torta cando se escusara para usar os aseos. Pai Prado dera un chimplo de sorpresa cando oíu a afirmación; non o crea, rapidamente procedeu a negalo, escusábase nervioso e cuns xestos esaxerados. Niso caeu un cuberto manchado de torta de amorodo do seu peto.

Pai Prado non o podía crer, o Coronel Loiro semellaba orgulloso do seu veredicto, o Duque Black estaba que tremía e nosoutros, os demais, mirabamos con desprezo a Pai Prado.

Independentemente da continua negación dos feitos por parte de Pai Prado, o Duque Black botouno da festa e nunca lle volveu falar.

Pola miña parte, esa noite comín a torta mais rica que probara nunca. Aínda que fora difícil poñerlle o cuberto no peto a Pai Prado, valera a pena!

Conversa con Quico Cadaval

Aroa García e Sofía González (1º BACH)

Quico Cadaval veu até o noso centro o 13 de maio para subir á escena a historia de Edipo e mais as dos contos populares co seu propio xeito de narrar. Para quen aínda non o coñeza: comezou como actor no CDG e pasou a dirixir desde *Noite de reis* de Shakespeare, até proxectos xunto a Mofa e Befá, *Un cranio furado* ou musicais como *Galicia Caníbal*. Porén, desde os anos 90 é un figura fundamental da narración oral. Falamos con el despois da actuación e ao igual que con Edipo ou carapuchiña, sorprendeunos a súa elocuencia. Velaquí tendes a conversa.

1-. Es un artista moi polifacético: actor, director teatral, adaptador teatral e narrador oral. Que aspecto da túa carreira profesional é o teu favorito?

Onde estou máis cómodo, onde se equilibra o que me gusta a min e o que lle gusta aos clientes pois é como narrador oral, contador de historias. Agora, a miña vocación é de director de escena, pero non esperta o mesmo entusiasmo ou aceptación que o meu traballo como contador de historias.

2-. Cal é o traballo teatral do que estás máis satisfeito?

Pasa un pouco o mesmo. Equilibrase a satisfacción que ves que provocas no público e a propia. Hai moitos anos unha obra que se chamaba *A obra*, nos tempos da construción dos rañaceos de Nova York, nos anos 20. Alí confluíron moitos talentos e de repente aparece algo brillante. Actualmente traballo nunha obra, dirixida por min que se chama *O porco de pé* que é unha das múltiples versións que se poden facer do romance de Vicente Risco. Creo que está moi ben, dígoo abertamente porque penso que o mérito está moi repartido: o elenco en estado de graza, a estética do barracón de monstros das feiras populares, o expresionismo dos anos 20 e as habilidades actorais de Víctor Mosqueira, Evaristo Calvo e Patricia Vázquez. Nestas dúas obras penso que todos contribuímos co noso talento.

3-. Cando soubeches a que te querías dedicar?

Era bastante beixaflor das vocacións. As carreiras que escollían os meus irmáns parecíanme excelentes. Químico industrial parecíame ben. Despois sitúaste no que tes máis facilidades. Hai xente que ten unha vocación e insiste e hai xente que se deixa levar un pouco máis e eu creo que o meu era o verbal. Eu quería ser actor, pero penso que me faltan cualidades para actor que é meterse nun terreo descoñecido. O narrador pode que descubra illas, pero normalmente vai contar unha cousa que xa sabe. A resposta é sobre os 17 anos.



4-. Como se che ocorren os monólogos e como os practicas? Por exemplo as anécdotas son reais ou imaxinalas?

A verdade púxenme a contar conscientemente de que estaba a facer unha actividade artística cando levaba moito tempo no teatro. No teatro hai unha ética do sacrificio do ensaio. Como dicía María Pujalte cando lle preguntaron que significaba facer teatro en Galicia, pasar frío. Entón o teatro ten unha especie de lenda heroica de que tes que sacrificarte moito. Eu boteime a contar. Pois estábamos vendo a Alejandro Tosatti, un artista completo costarricense, e díxome Víctor Mosqueira: “ese tío está facendo no escenario o que fas ti despois de comer”. Acababa de comer e botábame a falar. Eu contaba cousas do bar da miña nai porque era unha experiencia interesante para un neno que estaba no medio de adultos todo o tempo e os adultos nin sempre filtran. Entón achégaste a historias que noutro contexto non chegarías, e chegaba á escola e contábaas. Cando me puxen a elaborar un repertorio para contar lembreime de todo o que contaba a miña avoa e fixen un espectáculo que se chamaba “Fantasmas familiares” porque eran contos de defuntos e procedían da miña familia. Ir acrescentando ese repertorio fíxeno moi pouco a pouco. Nunca traballei a un repertorio por ano, traballei contando as historias cando xa son miñas. Nalgún momento tes que contalas cando aínda están sen cocer.

5) Por que Edipo?

Edipo eu quería contar por influencia da película de Pasolini. Sófocles cóntao como policial, están na peste e o rei non sabe o que pasa e vanse descubriendo cousas. Na película, Pasolini empeza co nacemento de Edipo e vai por orde e convértese na forma do conto, na forma épica, mentres Sófocles está na forma dramática. Contábo de maneira plana até que llo contei a miña nai. Aí aparece toda a cultura da experiencia vital da miña nai, que chocaba co relato clásico e dalgunha maneira éralle propio. Neste espectáculo está a esencia do teatro, que alguén oe unha historia que nunca oíu, pero dalgunha maneira resúltalle familiar. Edipo tamén é un fantasma familiar o máis familiar de todos.



6) Con relación a isto, en que baseas o teu humor?

Non o sei. Eu descubrín que a xente ría coas miñas cousas. Penso que o meu humor baséase no territorio da ironía e do sarcasmo. O sarcasmo é un pouco máis ferinte, máis adulto, máis cultural. Na sociedade tradicional se es moi sarcástico podes ser excluído, mentres que nunha sociedade avanzada podes vivir de ser sarcástico como Oscar Wilde. Eu non conto para nenos porque a ironía cos nenos non funciona, cos nenos funciona a parodia. É diferente ao stand up que pretende facer rir cada minuto. Para min o humor é un medio non o fin.

7) Tamén é algo visual todo o que contas, non?

Si, mais iso non é o humor, é o mecanismo fundamental para contar historias, que é provocar imaxes no público e para provocalas tes que velas ti. A encrucillada da que falaba a miña avoa eu xa a vin porque ela era unha boa narradora, entón eu podo pasalo. Dicir unha cousa escrita non é igual que estala contando. Quen escoita tamén está vendo cousas.



8) Cales son os teus próximos proxectos?

Son proxectos secretos claro. Pero vouvos dar unha primicia. Vai haber un espectáculo sobre as catro obras romanas de Shakespeare, entón vanse presentar de maneira resumida e encárganlle a catro direccións e a min encargáronme *Titus Andronicus*. Ese é un dos meus próximos proxectos. A miña compañía vai montar un novo Mofa e Befá que será 30 anos despois de que se fundara que van facer un espectáculo sobre as novas masculinidades e a cultura feminista que se chama pirolíticos, que é unha cousa que hai nos fornos. Tamén vou levar un proxecto de narración con Chusa que é unha actriz para xordos e crearemos materiais novos, nos que a ironía verbal ten que desaparecer.

Coloquio con Fausto Isorna

Club de Lectura e Club do Cómico

Fausto Isorna veu até a Biblioteca convidado polo Club de Lectura e do Cómico para charlar sobre o seu traballo como ilustrador en *Aventuras de Alicia no país das marabillas*, da editorial O patiño. Repasou connosco o seu traballo artístico como ilustrador doutras obra, como cartelista no teatro e creador do cómic *Golfiño*. Velaquí tendes unha escolla da conversa-coloquio posterior.

1) Como levas a cabo esa técnica de colaxe que nos estiveches mostrando?



Sen trampa nin cartón está todo feito a man recortado e pegado. Non traballo no ordenador. Así polo menos quedo cuns orixinais.

2) Entón neste libro a cor non a pos ti?

Colorear cómics a ordenador si que o fago, outra cousa é traballar a cor. Tamén coloreo cadernos de bosquejos. Mais o meu é o debuxo e a colaxe.

3) Á hora de traballar con orixinais pensas que é bo para as editoriais?

Hoxe en día creo que non porque cando lle chegan os traballos a un editor, sexa dunha maneira ou outra chégalle vía informática. En realidade ao editor dálle igual como está feito o traballo se o traballo é bo e convence.



4) Que métodos utilizas para cortar na colaxe? Rachas, tesoiras?


A min gústame máis as tesoiras, ás veces utilizo un cutter. As tesoiras teñen que ser boas e cando cortas fai que o papel quede como torcido cara a dentro. Hai que utilizar un bo pegamento en barra, eu utilizo Pritt. Porque as colaxes sofren moito co tempo. Tamén utilizo pegamentos en spray, reubicables, aínda que unha vez pegas xa é difícil rectificar.

5) Nunca che pasou que ao recortar romperas o papel?

Si, pero sempre ten solución. E ademais unha vez tes rematada a colaxe pasas o scáner e hai retoques dixitais.

6) Parece adictivo.

Si porque é divertido. É todo bastante divertido. Neste calendario de artistas de pop e rock pódese ver un pouco a técnica. No libro *Animal fun*, cuns versións en inglés e galego, as ilustracións ven se ve que podes facelo como queiras, con tesoiras de mostreo ou rachando. Estes rachados fágoos a ver que sae até que un cadre ben, ou cun punzón dirixindo. Tamén tendo en conta o sentido de fibra do papel.





7) Canto tempo che leva a ilustración dun libro como o de Alicia?

Supoño que uns meses. Traballo en xeral a composición das colaxes con diferentes cartóns, papeis, materiais, amorealos, probas. E logo pegar é moi rápido. Hai que ter moitas revistas, imaxes e libros. E vou polas librerías de vello, libros de publicidade ou de paisaxes, ou de campos de golf. Os ceos sempre fan falta e máis difícil é atopar fotos de mares.

8) Algunha vez tiveches algún problema coa autoría ao utilizar outras imaxes?

Publiquei neste libro unha nota que algunhas imaxes utilizadas son anónimas e outras son fragmentos de Tiziano, de Salvador Dalí,... Tento coller pequenas cousas e utilízalo de maneira que non sexa recoñecible a súa obra. Tento non usar cousas doutros autores.

9) Buscas as imaxes en google?

Si. Busquei si. Imprimíla non. Búscoa e tomo nota. Na colaxe polas textura, non me gusta o acabado das impresoras dixitais, das fotocopiadoras antigas de tóner si.

10) Non che tira debuxar máis que a colaxe?

En realidade para min é igual, é o meu traballo creativo. Sempre quixen debuxar, desde pequeno pero foi ao ler cómics cando quixen ser debuxante. Sempre que tiver un tebeo diante, copieino.

11) Cales copiaches que máis che influíron?

Para min Bruguera, Ibáñez e despois *Los cuatro fantásticos*; daquela os de Márvel eran de Vértice en branco e negro. Pero se ves o meu debuxo creo que se parece máis á idea de Bruguera. Nos anos 80 algún cómic por encargo parece que ía tirar por un cómic máis realista, a historia de Galicia en cómic, pero durou pouco.

12) Como valoras entón a túa experiencia no cómic?

Nos anos 80 Gayoso estaba nos informativos e nun programa con Xaquín Marín e Pepe Carreiro, debuxantes de viñeta política, e Xan López Domínguez, debuxante de libro infantil e xuvenil e eu. Alí dicía que había que apostar polos lectores pequenos por un cómic infantil e xuvenil para crear un tecido industrial mínimo que creo que até que fixemos *Golfiño* ninguén apostou por iso realmente.

13) Que destacarías da túa carreira artística?

Non o sei. Paseino moi ben na época do *Golfiño*, coa revista que tiraba 150.000 exemplares; erguíame para debuxar cómics.



Música preto de nós: Os Vacalouras

Thoa Bouzas González (1º ESO)

Despois duns anos de predominio de música en castelán e incluso en inglés, a música rock en galego volve con forza. E ademais, arroupada por un público mozo que axuda a darlle vida e afouteza. Algún destes grupos témolo preto de nós, no mesmo barrio de Teis. Estamos a falar de **Os Vacalouras**, un grupo que parece de agora porque está empezando a coller sona e escóitase en emisoras de radio moi mediáticas, pero que ten xa tras de si unha longa traxectoria.



O seu último disco é *Xuventude prexubilada*. Ademais, conta coa colaboración de Quim Barreiros no tema *O Samil é Portugal*, o que lle dá un carácter “internacional” á súa música.


A xénese de Os Vacalouras está en Víctor Vacaloura e Gabi Vacaloura, como lles gusta chamarse. Eles empezaron a facer cancións xa cando estudaban 6º de Primaria, alá polo ano 2004. Así que o grupo xurdiu espontaneamente: simplemente era como estar a xogar na casa despois do cole, tocando e cantando. Logo uníuselles Navarro e, xa no 2007, incorporouse Pepe, co que a formación quedou completa.

O nome de **Os Vacalouras** xurdiu cando estaban gravando unha canción no estudio de Segundo Grandío, antigo baixista de Siniestro Total, para incluíla nunha recompilación chamada *Operación Can*. Tiñan outro nome (“con menos xeito”, din eles) e Grandío aconselloulles que, xa que cantaban en galego, sería boa idea ter un nome máis enxebre.

A música de **Os Vacalouras** é a que aos seus compoñentes lles sae, toda ela é bastante espontánea. Podería definirse como rock, pero teñen influencias moi variadas, dende o heavy ata o jazz ou a música clásica. E nótase que o **Xabarín Club** (a música bravú) e **Siniestro Total** deixaron unha pegada importante neles.



As súas letras, ás veces irreverentes pero sempre enxeñosas e baseadas na realidade, son tamén algo espontáneo, segundo as súas palabras. “Sen saber moi ben como, de súpeto, chegan frases á nosa cabeza. É un impulso que simplemente chega”, afirman. E en galego, porque lles sae dese xeito facelo. Algúns son galegofalantes de sempre, así que é algo natural empregar a nosa lingua. E, por outra banda, tamén é un xeito de reivindicar o idioma.



O grupo foi evolucionando ao longo dos quince anos que leva de vida. Son quince anos de experiencias, quince anos máis na idade dos seus compoñentes, co que van vendo mundo dende outra perspectiva; quince anos escoitando moita máis música, e iso nótase, non só nas letras, senón tamén na composición e interpretación das cancións. E é que Os Vacalouras son xente moi esixente desde o punto de vista musical. Danlle unha e outra, e outra volta ás cancións ata que soan do xeito que lles gusta a todos.



Pero a faceta musical dos membros do grupo non queda aquí. Algúns dos seus músicos teñen formado parte doutros grupos musicais. Un dos casos máis salientables é a creación doutro grupo, a orquestra **Neverloura**. A idea xurdiu a raíz de compartir escenario cuns colegas seus, o grupo **Never**side. Parecelles boa idea xuntar as dúas bandas e facer unha parodia dunha orquestra, a típica orquestra de verbenas de verán. O resultado foi tan divertido que decidiron seguir facéndoo, de xeito que era habitual escoitar a Neverloura versionar temas clásicos nas festas de Teis. A idea era pasalo ben e facer que a xente desfrutara. E abofé que o conseguían.



Actualmente o proxecto **Neverloura** está parado. Esixe bastante tempo e, como moitas outras actividades artísticas, non compensa economicamente. En xeral, a música a estes niveis é un mundo que non dá para vivir. Todos teñen os seus traballos e é difícil poder coordinarse para preparar as canción, ensaiar, levar a cabo os concertos...

En definitiva, estamos diante dun grupo veterano pero cheo tamén de xuventude e de ganas de facer música. E mentres eles desfruten e o pasen ben facendo música e a xente goce escoitándoa, temos Vacalouras para moito tempo.

Florencio Delgado Gurriarán

Departamento de Normalización Lingüística



Nace en Córghomo, San Martín de Valdeorras. De mozo estuda en Valladolid Dereito. Exerce de pasante no Barco e entra a formar parte das Irmandades e do Partido Galeguista (PG). Publica *Bebedeira* en 1934, tributo á paisaxe valdeorresa con versos imaxinistas e sensuais.

Ao inicio da Guerra Civil foxe a Portugal, logo a Francia e de aí a Barcelona onde loita co bando republicano. Como Secretario de Propaganda do PG axudou a tirar dos campos de concentración e exiliarse a galegos presos.

Exíliase en Veracruz, México. Alí casa con Celia Teijeiro, terán 5 fillos. Traballa nunha empresa farmacéutica. Fundou a revista *Vieiros* e colaborou coa revista *Saudade* entre outras, tamén no programa de radio *Hora de Galicia*. Participou na fundación do Padroado da cultura galega de México e participou no pacto Galeuzca.

En 1943, publica *Cancioneiro da loita galega*, na liña socialrealista da poesía galega de exilio, en homenaxe aos represaliados. Con *Galicia infinda*, 1963, consuma a súa proposta poética e presenta os poemas mexicanos, mestura lírica coa cultura mexicana. En 1986 publica *O soño do guieiro*, poemario adicado a Castelao, no que retoma poemas anteriores, os poemas sociolingüísticos e satíricos.

Tamén traduciu a poesía doutros autores como Rimbaud ou Walt Withman.

CANTIGA DA VENDIMA

Antre as retortas cepeiras,
frorazón de raparigas
dálle aos acios doce morte
coas manciñas que acariñan.
O vento abanea as vidras
para darlle o adeus aos acios;
do roxo culeiro sol
escoa o celme dos raios.
Manciñas de nenas louras
antre as follas depinican,
follas das tortas cepeiras
as mornas fazulas bican.

(*Bebedeira*, 1934)

GALICIA INFINDA

Galicia é infinda!
Nosa Galicia é máis que toda a Terra.
Non é xa o cativo currunchiño
que din escolas vellas.
Cómprenos desbotar antigos erros
fillos de mente estreita:
Galicia é infinda!

.....
Nosa Galicia é máis que toda a Terra.
Galicia só limita coa Saudade,
elástica fronteira
que serve para o tempo e para o espacio
—onde un galego está, atópase ela—,
mais que ninguén atravesala pode
inda que leve nos papés: Poeta.
(*Galicia infinda*, 1963)

MORELIA

En troques das camelias
as orquídeas abrochan
das árbores frondentes
nas enrugadas tonas.
O gris da canteiría,
eiquí virouse rosa.
Larpeiradas de freira
nos portaes de lousa.
Na volta dunha rúa
veise a casa da Troia....
Baixo un manto soalleiro,
Morelia silenzosa,
é loira Compostela
esquencida das choivas.

(*Galicia infinda*, 1963)

Campionato europeo de danza urbana

Naiara Otero (4º ESO)

O pasado 20, 21 e 22 de maio, Sara Martínez (1º BAC) e máis eu, Naiara Otero (4º ESO), asistimos ó campionato europeo de danza urbana celebrado no parque de atraccións *Wunderland* na cidade de Kalkar (Alemaña).

Conseguimos os seguintes galardóns ademais dos do resto de categorías dos grupos, solos e dúos da academia. Foron 36 premios en total.

- Grupo Naiara "DA KIDS" → 4º lugar
- Grupo Sara "YALAKAI" → 8º lugar

Así mesmo, eu Naiara, participo nun grupo formado por arredor de 45 persoas denominado "DA FAMILY" co cal conseguimos un 3º lugar na categoría de Megacrew.

Ambas sentímonos moi orgullosas de vivir esta bonita experiencia rodeada de boa xente. Quereríamos tamén dar as grazas á nosa academia DA Vigo e ós nosos profesores por darnos unha gran oportunidade e por facer isto posible.



Acaba de nacer unha nova estrela

Antón Justo Vicente (3º ESO)

O mundo do tenis está que treme, con tan só dezanove anos recién cumpridos Carlos Alcaraz está na elite do tenis mundial. Este murciano comezaba a xogar hai apenas un ano en Croacia no posto 150 do ránking mundial da ATP, a día de hoxe xa é o número sete ao escalar 143 postos en menos dun ano.

Hai ano e medio viamos aínda a un rapaz moi novo e con moi pouca experiencia adestrado polo gran Juan Carlos Ferrero e sendo o pupilo do grandísimo Rafael Nadal, o mellor tenista español ata o momento. Carlitos demostrounos que a pesar da súa mocidade, nel vai recaer o futuro do tenis español.

Ata o momento leva gañados unha gran cantidade de torneos, sendo a tempada vixente a máis senlleira na que leva gañados catro grandes torneos de prestixio: o Aberto Río, o Masters de Miami, o torneo Conde de Godó e o recente Mutua Madrid Open, estes catro torneos súmanse aos dous gañados na tempada do 2021, o título de Umag e as NextGreen ATP Finals.


Nesta tempada Alcaraz xa bateu algúns récords que se vían imposibles de superar: é o tenista máis novo en gañar o Masters de Miami e en derrotar ao número 1 do mundo, Novak Djokovic, no recente Aberto de Madrid. O tenista tamén derrotou por primeira vez na súa carreira ao seu mestre: Rafa Nadal, que o deixara fóra da final do Indian Wells, no Mutua Madrid Open, onde venceu na final ao número tres do mundo, Alexander Zverev.

Os logros de Carlos vanse acumulando na figura dun tenista que asemella ter a cabeza fría así como resistente á hora de xogar cun tenis que é digno dun número un mundial. Deste xeito observamos o futuro do noso tenis diante dos nosos ollos e que vai dar continuidade á calidade do tenis español e a manter o posto na elite mundial.



Mr. Pingüín

Nicolás Castro (1º ESO)



O Mr. Pingüín é o rei da Antártida que loitou contra o cambio climático; con todo estanlles destruíndo o seu fogar. É o primeiro rei que axuda á poboación. Vive nun castelo de xeo cos seus gardas reais.

Andy o axolote


David González de Césaro (1º ESO)



Andy o axolote é o duque da lagoa de Xochimilco, no Reino dos Axolotes, e vive nun palacio no que elabora plans para protexer a súa especie.

Pagode


Lena Luengpayung Carrillo (1º BACH)



Enigma do número 6


Departamento de matemáticas

Solución ao enigma anterior:



O ENIGMA DO NÚMERO 6

O enigma do número 6 consiste en engadir operacións matemáticas comúns para que cada conxunto de números presentes abaixo acabe dando 6 como resultado.



Hai dúas regras a ter en conta:

1. Non vale engadir un novo número dentro da operación. Por exemplo, non se poden facer raíces elevadas ao cubo.
2. Non vale alterar o símbolo = (por exemplo, riscando).

Se queres unha pista antes de comenazar, aí vai: os grupos de números non están ordenados de máis fácil a máis difícil; se te bloqueas con ún, pasa ao seguinte porque se cadra o resolves máis rápido e incluso te inspira.

Por certo, existen solucións múltiples nalgúns dos casos.

Novela e fantasía no club de lectura

Kiara Tombo (3º ESO)

As reunións do Club de lectura son moi amenas e é moi interesante observar as diferentes opinións que pode haber sobre un mesmo libro ou personaxe. Foron todas moi agradables e foi xenial poder compartir o interese pola lectura con outras persoas que achegaban diferentes puntos de vista. A elección das lecturas foi moi boa. Todos os libros elixidos gustaron moito e foron fantásticos. Velaquí os tendes.

El Ickabog. J. K. Rowling

Narra a historia do reino Cornucopia, no que todo era perfecto e abundante. Todo excepto a zona do norte chamada Os Pantanos, onde según a lenda vivía o Ickabog. O problema xorde cando esa lenda pretende utilizarse para destruír o reino e derrocar o Rei. Entón un neno e unha nena emprenden unha aventura inesperada.

A trama, ao principio máis sosa, logo cambia, sorprendendo e enganando. Aínda que ten fantasía está cheo de crítica social sobre os gobernantes. A idea de ilustralo con debuxos feitos por nenos de todo o mundo paréceme moi orixinal. Mestura aventura e fantasía cun toque de humor. Unha lectura sen idade e atemporal. Un gran libro.



A balada dos unicornios. Leticia Costas.

Na Balada dos unicornios únense o Londres vitoriano con temas de mecánica e física, creando maxistralmente un ambiente steampunk. Este mundo da escola de artefactos é só o punto de partida dunha aventura chea de imaxinación na que a protagonista, acompañada dun robot case humano e de Nuno, un neno moi peculiar, percorrerá lugares dunha desbordante fantasía, como a Cidade dos cans ou as Pradeiras flotantes. Na historia enfróntanse dous clans de bruxas: as Córvidas e as Albinas, que viven nunha paz algo tensa. O ben e o mal non son tan negros nin tan brancos como os pintan e o máis interesante é que a relación entre ambos clans ten moito que ver coa vida da propia Ágata.

Alicia no país das marabillas. Lewis Carroll. Ed. Patiño feo:

Creo que o mellor deste clásico é que se pode ler dunha maneira totalmente despreocupada ou dende unha perspectiva simbólica con algún significado agochado. E creo que é xusto isto o que fai dela unha lectura tan entretida e á vez profunda. As situacións ás que se enfronta Alicia van dende o máis trivial, como comentar con animais faladores e surrealistas até ser parte dun xuízo que parece non ter razón de ser.

Un tema recorrente é o de Alicia adaptándose ás diferentes situacións a través de crecer e diminuír de tamaño. Finalmente, Alicia no País das Maravillas é un libro que trata sobre unha rapaza que se aburriu de que o libro da súa irmá non tivera ilustracións e decidiu soltar a súa imaxinación, ou tal vez os seus soños como escaparate da realidade. Sóavos familiar?



Retrato - Uxía Soto (3º ESO)